

Cal é o papel de Galicia no exterior?

Pese a contar con unha comunidade de galegos moi basta fora do país, fundamentalmente debido aos gravísimos problemas internos que desembocaron nunha emigración masiva a partires do século XIX, poucos cidadáns estranxeiros coñecen minimamente a Galicia como realidade xeográfica, e moito menos como realidade nacional. É fácil corroborar, a pouco que se viaxe, que os cidadáns do mundo son incapaces de identificar o país, ou Santiago de Compostela coa súa capital, e que mesmo moitos dos visitantes e peregrinos, non españois, que aquí chegan, despois de ter estado no noso territorio, descoñecen que falamos outro idioma distinto do castelán. A política dos nosos recursos culturais, un ben moi facilmente exportable, parece deseñada para eliminar mais que para promover. Baste só lembrar que no Reino de España existen mais de 600 leis que impiden a libre utilización do idioma galego en Galicia.

Economicamente as nosas exportacións superan en moito as nosas importacións, e o seu volume continua crescendo fortemente, sendo España, seguida de Francia e Portugal (esta última prevese sexa superada por Noruega en poucos anos), os nosos principais clientes. Os nosos bens mais vendidos no exterior son autos, roupa e barcos. Todos produtos industriais.

Con todo, a nosa dependencia de España impide a libre xestión dos nosos recursos e políticas e subordínanos a lexislación estatal, coa que os réditos internacionais van ser limitados.

Que queremos que sexa Galicia no exterior?

Tendo en conta o anteriormente exposto, e interesando que Galicia sexa alguén no mundo, sinálanse algúns puntos básicos a seguir no contexto internacional:

- Gañar consciencia e buscar **aliados internacionais**. Se hoxe non existen é por que desde as institucións oficiais galegas xamais se procuraron. Outras nacións españolas gábanse dos seus contactos internacionais, sen que a súa adscrición a unha Comunidade Autónoma, e non a un estado, sexa obstáculo insalvável.

- Aproveitar o **talento que vén de fora**. Aínda que Galicia é un país emigrante desde hai case dous séculos, tamén recibe inmigrantes, moitos deles moi ben formados, mais que teñen serias dificultades a hora de demostrar as súas capacitacións profesionais e traballar con dignidade. Compre crear políticas internas para integrar, social e laboralmente, aos inmigrantes, cousa que hoxe malamente poden facer en Galicia vía España, e ter en conta as súas ideas, que sen dúbida han sumar no contexto externo.

- Crear a **marca Galiza**, como hai a marca España, Alemaña ou outras, para dar proxección exterior aos nosos bens.

- É imprescindible a creación de un **Centro Galego de Negocios Internacionais**, ao xeito do ICEX español ou AICEP portugués, que forme persoal especificamente para as misións que este mesmo centro encomende, dentro e fora de Galicia. Imprescindíbel tamén sería contar con axentes fora, mesmo nativos dos países cos que se pretende tratar, que poderían ser formados aquí, e retornados despois, para traballar para Galicia.

- Creación de **embaixadas galegas**, que protexan os nosos intereses internacionais, negocien con outras nacións os acordos que consideren oportunos, recollan informacións sobre os países nas que se asenten e remitan a Galicia para estudar como tirarlle proveito, promover as relacións de amizade internacionais e desenvolver relacións económicas, políticas e culturais multilaterais.

Temos que construír estas misións cos nosos recursos e adapta-los constantemente as nosas necesidades nacionais, dotándoas de unha acción estratéxica moi clara e aberta, o cal ha axudar a que se nos coñeza e respecte no ámbito internacional. Nun contexto de globalización é cuestión de vida ou morte.

- O **idioma galego no mundo**, coas súas semellanzas, está presente a través da norma portuguesa nunha comunidade de 250 millóns de persoas, sendo xa oficial na UE e encamiñado a se-lo pronto na ONU. Ademais, ante a falta de unha norma oficial en Galicia (só existe unha recomendación da Xunta en prol do ILG/RAG) e ante a imposibilidade legal de celebrar contratos internacionais na norma galego-rag, sería bo aproveitar o acordo ortográfico internacional, redactado coas achegas dunha delegación galega en 1993.

Esta escolleita gráfica, para as cuestións internacionais, sen dúbida había axudar na integración do noso país en diferentes organizacións, dentro e fora do ámbito lusófono, e a promover os nosos intereses no

exterior. Baste botar unha vista de ollos ao exemplo español e a labor exterior da súa lingua: o Instituto Cervantes mantivo integro o seu orzamento en 2011, pese a crise, con importantes intervencións en ásia e hispanoamérica.

-As **relacións coa lusofonia / galeguia**, ou lusofonia, sendo estratéxicas debido aos diversos vencellos culturais, van ser realmente difíciles.

Actualmente Portugal está a perder peso no mundo, e tamén nas relacións económicas con Galicia, onde se prevé que continúe a perder relevancia. Ademais están os seus graves problemas internos, a súa visión arredista e centralista dos estados e as intensas relacións de Madrid con Lisboa.

Non se pode aspirar a moito mais que a manter a boa veciñanza e fomentar o intercambio fronteirizo.

Capítulo a parte merece Brasil, xa sexta economía internacional, mais debido a distancia e diferenza de peso no mundo, unido a nosa falta de visibilidade exterior, fai que as relacións se fagan hoxe moi difíciles. De contar cun Centro de Negocios Internacionais, unha Embaixada Galega e ampliando o AO nas relacións bilaterais, os beneficios mutuos poden ser enormes, servindo eles como porta nosa para América do Sur e nós como porta súa para Europa.

Con todo, a liña estratéxica principal a seguir, e para alén de aderirnos as organizacións multilaterais lusófonas xa existentes, debe ser coller as rendas e, con moita diplomacia, marcar nós tamén no calendario da axenda internacional da galeguia.

- As **relacións con España** van ser difíciles e sempre en pé de inferioridade, ao tratar unha Comunidade Autónoma con un Estado. Ademais, o Reino da España non ofrece garantías, nin fidelidade, nin identificación con Galicia e os seus problemas, salvo que estes sexan comúns aos de outras comunidades.

Debemos esixir que se calculen e axusten as contas de Galicia con España, prescindindo pagar gastos superfluos ou para organizacións/institucións das que non nos servimos ou non nos

representan. Ademais debemos apostar polo total desenvolvemento do noso estatuto de autonomía (infelizmente 30 anos despois un 70% fica pendente) e polo federalismo fiscal, co que xeriríamos os nosos recursos económicos. Tamén non podemos permitir que, desde Madrid, recusen as relacións con as embaixadas galegas ou nos marquen a nosa política exterior.

- As **relacións Galicia-Atlántico**. Fora do ámbito español, Francia, Portugal e Noruega son os nosos principais clientes, o que dá unha imaxe do que supón a Europa atlántica. Sendo ademais unha área coa que partillamos innúmeros vencellos culturais, profundar nas relacións, a todos os niveis, con estes países parece absolutamente necesario.

Pendientes están boas conexións por terra, mar e aire, que de seguro serían un bo punto de partida para ir a mais nos intercambios mutuos, que indirectamente tamén axudarían na mellora e visibilidade de Galicia na Unión Europea.